



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

ASISTENCIA PLENO 230627:

ACTA DA SESIÓN

Presidente:

Don José Muíño Dominguez

Concelleiros:

Don Carlos Allo Cundíns
Dona Sheila Recarey Varela
Dona Begoña Torrado Lema
Dona Sandra Méndez Blanco
Dona Sonia Sande Lista,
Dona Tatiana Rellán Castro
Dona Sandra Redondo Fernández
Don Marcos Lois Costa
Dona Alba Villar López

Ausencias:

Don Borja Andrade Montes

Secretaría:

Dona María Garrote López

Intervención:

Dona Patricia Chas Filgueiras

EXTRAORDINARIA DO PLENO DO VINTE E SETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES(230627)

No Concello de Cabana de Bergantiños, o vinte e sete de xuño de dous mil vinte e tres, ás nove horas e seis minutos, reuníronse no salón de sesións habilitado para o efecto, baixo a presidencia do señor alcalde don José Muíño Dominguez, coa asistencia secretaria e dos señores concelleiros relacionados ao marxe; co obxecto de desenvolver a sesión **extraordinaria** do Pleno, en base a Orde do día circulada e para o que foron legalmente convocados.

O alcalde excusa a ausencia dos relacionados a marxe.

A señora secretaria verifica que na primeira convocatoria existe quórum suficiente de constitución.

Unha vez que a Presidencia abriu o acto, pasouse a tratar os asuntos comprendidos na Orde do día.

Primeiro.- Modificación de crédito

O alcalde le a proposta.

PROPOSTA DE ALCALDÍA: MODIFICACION DE CRÉDITO Nº17 MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO. CAMBIO DE DESTINO DE PRÉSTAMO.

Tendo en conta o disposto no art. 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que en desenvolvemento e execución do Orzamento prorrogado para o exercicio 2023 apreciouse a inexistencia do crédito necesario para a execución de determinadas inversións.

Vistos os Informes de Intervención, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto a modificación da finalidade do préstamo 2022/1/INVER acordada polo Pleno na sesión celebrada en data 11 de maio de 2023, no importe parcial de 73.651,43 €.

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 17 do Orzamento prorrogado da Corporación para o ano 2023 mediante crédito extraordinario, financiado con baixas, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN A INCREMENTAR	APLICACIÓN A MINORAR	TIPO MODIFICACIÓN	IMPORTE	DESCRICIÓN
	1720 60000		89.000,00 €	Protección e mellora do medio ambiente. Terreos.
342.623		Crédito extraordinario	9.000,00 €	Instalacións deportivas, maquinaria.
323.61900		Crédito extraordinario	80.000,00 €	Mellora da eficiencia enerxética da escola infantil "A casa dos títeres" e a escola unitaria "Centro social de Corcoesto".

TERCEIRO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de que non se presenten reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

CUARTO.- Modificar o cambio de destino dos ingresos afectados provenientes do préstamo 2022/1/INVER no importe parcial de 89.000,00 € co seguinte detalle:

PRÉSTAMO 2022/1/INVER			
IMPORTE PARCIAL: 89.000,00 €			
NOVO DESTINO	342.623	9.000,00 €	Instalacións deportivas, maquinaria.
NOVO DESTINO	323.61900	80.000,00 €	Mellora da eficiencia enerxética da escola infantil "A casa dos títeres" e a escola unitaria "Centro social de Corcoesto".

Cabana de Bergantiños, a data da sinatura electrónica. O Alcalde José Muíño Domínguez

A continuación prodúcese o debate.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: O crédito pediuse a unha entidade, o importe total?

O alcalde contesta: 211.000€

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Para que?

O alcalde contesta que para compra de solo industrial e non se chegou a utilizar



Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: En caso de que se quera comprar ou utilizar o préstamo?

O alcalde contesta: En principio ten que ser destinado a inversión. Agora a outras inversións.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta á interventora: En que ano se pediu?

A interventora, coa venia da presidencia, contesta: No 2022.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta á interventora: Este ano nos se aprobaron os orzamentos, non?

A interventora, coa venia da presidencia, indica que non.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta: Por que non se comprou o solo?

O alcalde contesta: Primeiro porque había que chegar o mutuo acordo e a competencia é autonómica, Non puidemos ter os informes a tempo.

A concelleira indica que lle parece extraño e que non o chega a entender. Coa venia da presidencia pregunta á interventora: Hai moitos intereses?

A interventora, coa venia da presidencia, contesta que nese momento no o sabe.

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta se hai proxecto da mellora enerxética da escola infantil

O alcalde contesta: Si, hai humidades, mellórase a envolvente, a placa fotovoltaica...

Dona Tatiana Rellán Castro, coa venia da presidencia, pregunta á interventora: de qué importe é.

A interventora coa venia da presidencia contesta. 142.000€

A concelleira indica que non o acaba de entender, que se se pide un préstamo supón unha perda aínda que so sexa polos intereses. Sinala: Non acabo de entender o procedemento. Si, me parece correcto o proxecto da escola, pero non o procedemento pero imos a ter un voto de confianza e abstémonos.

Sometido o asunto a consideración do Pleno, este aproba por seis votos a favor (don José Muiño Domínguez, don Carlos Allo Cundíns, dona Sandra Méndez blanco, dona Sheila Recarey Varela, dona Begoña Torrado Lema e dona Sonia Sande Lista) e catro abstencións (dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa, dona Sandra Redondo Fernández e dona Alba Villar López) a proposta da Alcaldía anteriormente transcrita en todos os seus termos

Segundo.- Sorteo de membros de Mesa para as eleccións ao Parlamento do 23 de xullo de 2023

Ao abeiro do artigo 26 da Lei orgánica 5/1985 do réxime electoral xeral, o Pleno do Concello procede a formar as mesas electorais correspondentes as eleccións xerais que se desenvolverán o vindeiro día 23 de xullo .

Comeza o sorteo a través da aplicación da Deputación da Coruña quedando constituídas as Mesas polas persoas e para os cargos sorteados.

Durante o sorteo auséntase varios concelleiros indicando motivos laborais: dona Sonia Sande Lista, dona Tatiana Rellán Castro, don Marcos Lois Costa.

Unha vez realizado o sorteo de todas as mesas, por unanimidade dos presentes o Pleno acorda:

Primeiro: Aprobar o sorteo realizado para os cargos e persoas que formarán as mesas electorais o 23 de xullo.

Segundo: Respecto a citada lista pode ocorrer que, por causa xustificada e documentada, algún dos relacionados non poida aceptar o cargo que o Concello lle asignou. Para o caso de que a Xunta Electoral acepte a excusa o Pleno decide establecer a maiores una lista de substitución.



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Terceiro: Por último o Pleno acorda que una vez agotada a lista do párrafo precedente se faculte á Alcaldía para designar, por sorteo, se fora necesario, a calquera membro das mesas en substitución dos anteriores.

Non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde da por terminado o acto, ás dez horas e corenta e tres minutos do día da data, do que se estende a presente acta, que eu, a secretaria, certifico e asino, autorizando a mesma, xunto co señor alcalde.